



CIRCULAR INFORMATIVA 20/2019

PROYECCIÓN DO DOCUMENTAL “LA DEFENSA, POR LA LIBERTAD” E POSTERIOR COLOQUIO CUNHA DAS SÚAS PROTAGONISTAS, CRISTINA ALMEIDA

Dentro da programación de actividades conmemorativas do 175 aniversario, o Colexio de Avogados, en colaboración coa Sala Numax e co Consejo General de la Abogacía Española, ofrecerá o vindeiro 17 de decembro a proxección en dous pases, ás 19.00 e ás 21.00 h, do documental “**La defensa, por la libertad**”. Trátase dun filme de Pilar Pérez Solano, producido por Transit Producciones Audiovisuales, en coprodución con RTVE e en colaboración co CGAE e a Mutualidad de la Abogacía.

Ao rematar o primeiro pase, **teremos un coloquio** cunha das protagonistas do documental, **Cristina Almeida**, que posteriormente presentará o documental ás persoas que asistan ao segundo pase.

Para asistir a esta proxección, o Colexio pon á disposición dos compañeiros e compañeiras (de valde) un total de **80 entradas** (50 para o primeiro pase e 30 para o segundo), que serán adjudicadas por **orde de inscrición** (excepto no caso de que o número de solicitudes supere amplamente a oferta dispoñible, que se adjudicarían por sorteo entre todas as persoas inscritas), **ás persoas adjudicatarias que non asistan se lles cobrará o importe íntegro da entrada (5,90 €)**

Cada colexiado ou colexiada poderá **solicitar a reserva dunha entrada** a través da conta de correo electrónico **icas@icasantiago.org**, indicando a preferencia por un dos dous pases (19.00 h ou 21.00 h).

O prazo para inscribirse rematará o 10 de decembro ás 20.00 h e as entradas poderán retirarse na sede do Colexio ata o día 13 deste mes ás 14.00 h. As entradas que non sexan retiradas poranse á disposición dos compañeiros e compañeiras que figuren na lista de agarda.

Notas aclaratorias

1. Por razóns de capacidade da Sala, só as persoas que asistan ao primeiro pase poderán participar no coloquio posterior con Cristina Almeida.
2. Para evitar que queden butacas baleiras durante as proxeccións, o que, ademais, suporía un prexuízo para os compañeiros e compañeiras que quedasen sen entrada, informámosvos de que se lles cobrará o importe íntegro da entrada (5,90 €) ás persoas adjudicatarias que non asistan.

“La defensa, por la libertad” é un documental que recolle a historia da avogacía española desde mediados dos 60 a 1978. Unha etapa que foi clave para a fin da ditadura e a consolidación da democracia. Dirixido por Pilar Pérez Solano e coproducido polo Consejo General de la Abogacía Española, a Mutualidad de la Abogacía e Transit Producciones, o documental conta con imaxes inéditas e testemuños de avogados e letrados que axudaron á consolidación da transición e que levantaron a bandeira do dereito e a xustiza.

Durante os seus escasos 70 minutos irán desfilando personalidades do mundo xurídico como Miquel Roca, Francisco Sauquillo, Cristina Almeida, Óscar Alzaga ou Manuela Carmena. En definitiva, testemuños moi valiosos de homes e mulleres que souberon deixar a un lado as súas diferenzas e apostaron pola transición e pola paz.

Tráiler: <https://www.youtube.com/watch?v=J8VbkxmTjBc>

Noticia na web do CGAE: <https://www2.abogacia.es/actualidad/noticias/la-defensa-por-la-libertad-estreno-en-cines-el-25-de-octubre/>